



Baamonde e Monteagudo -no centro-, onte en Santiago xunto a representantes de CC.OO e UGT

CATUXA ARGIBAY

'GALEGO, PATRIMONIO DA HUMANIDADE', ADVIRTE QUE "A PELOTA ESTÁ NO TELLADO DA XUNTA" LOGO DO 18-O

"Mentres lle dea réditos electorais, o PP utilizará a lingua para dividir"

D.L.

GALICIA

david.lombao@xornaldegalicia.com

Despois do "punto de inflexión" da manifestación na que, o pasado 18 de outubro, a plataforma 'Queremos Galego' reuniu a máis de 50.000 persoas na capital de Galicia, outro dos colectivos en defensa do idioma creado nos últimos meses, 'Galego, Patrimonio da Humanidade', retomará a súa actividade o vindeiro día 14 cun acto en Santiago no que numerosos persoeiros do mundo da cultura realizarán unha "chamada á crítica contra a política de liquidación" da lingua.

O filósofo Antón Baamonde e o filólogo Henrique Monteagudo puxeron onte voz ao posiciona-

mento da plataforma que, explican, colle novos folgos despois do "éxito da convocatoria" do 18-O, unha mobilización que, ao seu xuízo, mostra ás claras que "a sociedade non apoia a agresión e o denigramento do galego" mentres se "asocia o castelán coa liberdade".

Precisamente esa asociación é o que leva á plataforma a escoller o lema 'Lingua de liberdade' para o seu acto, no que a anunciada derrogación do decreto de uso do galego no ensino será un dos argumentos fundamentais. "Agora—explica Monteagudo— a pelota está no tellado da Xunta, e chámase decreto". Neste sentido, o colectivo insiste en que a súa principal reivindicación pasará por que "non se dea nin un paso atrás" neste marco legal, especialmente naqueles centros que, destaca,

"fixeron o esforzo" de adaptarse ao decreto "sen grandes problemas".

A reforma do decreto chegará, di Antón Baamonde, nun escenario de "reflexión" por parte do Goberno galego despois da "agresividade" que, apunta, "mostrou" o Executivo de Feijóo cara ao galego nos seus primeiros meses en San Caetano.

En calquera caso, o filósofo e escritor non dubida de que o PP, xunto aos "sectores máis radicais que o apoían" continuará "dando a batalla" do idioma, en cuestións coma o ensino ou a toponimia "mentres lle dea réditos electorais", especialmente en casos coma os de Vigo ou A Coruña, coa vista posta nas vindeiras eleccións municipais de 2011.

Neste sentido, Baamonde ten claro que "con total consciencia", os conservadores non dubidarán en

"usar o idioma" e "crispar" en torno a el sempre que isto permita "desgastar aos seus competidores" na carreira polas alcaldías.

Boa parte destas reivindicacións estarán no acto que 'Galego, Patrimonio da Humanidade' prepara coa colaboración dun bo número de persoeiros, moitos dos cales pasarán polo escenario do Teatro Principal de Compostela o vindeiro día 14.

Así, por exemplo, no evento participarán directamente a ex conselleira de Educación e impulsora do actual decreto, Laura Sánchez Piñón, o ex conselleiro e antigo deputado do BNG Pablo González Mariñas ou o profesor Fermín Bouza. Xunto a eles, o acto contará co apoio dos secretarios xerais de UGT e CC.OO, así como de numerosos membros do mundo das letras e as artes.

5/11/2009 Xornal